



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Segundo a Lei 3/2001, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes?**

- A) A historia clínica é propiedade da Administración sanitaria ou entidade titular do centro sanitario cando o médico traballe por conta e baixo a dependencia dunha institución sanitaria.
- B) A historia clínica é propiedade do paciente.
- C) A historia clínica é propiedade do médico aínda que traballe por conta dunha institución sanitaria.
- D) Non hai historia clínica no SERGAS.

**2. Segundo a Constitución. NON é un dereito fundamental?**

- A) O dereito a vida.
- B) O dereito á intimidade persoal e familiar.
- C) O dereito á liberdade e a seguridade.
- D) O dereito ao traballo.

**3. Destas opcións cal NON é unha clasificación do persoal estatutario?**

- A) Persoal estatutario sanitario.
- B) Persoal estatutario de xestión e servizos.
- C) Persoal estatutario fixo.
- D) Persoal laboral.

**4. Lei de saúde de Galicia. É unha competencia da Administración Local?**

- A) O control sanitario dos cemiterios.
- B) A policía sanitaria mortuoria.
- C) O control sanitario de residuos urbanos.
- D) Todas son competencia de la Administración Local.

**5. Entre as retribucións básicas do persoal estatutario NON está?**

- A) Soldo
- B) Trienios
- C) Pagas extraordinarias
- D) Complmento de carreira

**6. Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. Entenderase por prevención:**

- A) Conxunto de actividades ou medidas adoptadas ou previstas en todas as fases da actividade da empresa co fin de evitar o diminuír os riscos derivados do traballo.
- B) Sufrir un determinado dano derivado do traballo.
- C) Dano que resulte probable.
- D) Máquina, aparello, instrumento o instalación utilizada no traballo.

**7. Entre os dereitos dos usuarios do sistema sanitario público NON está?**

- A) A que se lle asine un médico.
- B) A utilizar as vías de reclamación.
- C) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias.
- D) A cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación.

**8. Lei de saúde de Galicia. O Servizo Galego de Saúde ten como función?**

- A) A prestación directa de asistencia sanitaria no seus propios centros, servizos e establecementos ou nos adscritos ao servizo.
- B) O pago das pensións.
- C) A policía sanitaria mortuoria.
- D) O control sanitario dos cementerios.

**9. O Presidente da Xunta de Galicia será elixido por?**

- A) O Parlamento Galego de entre o seus membros.
- B) O Congreso dos Deputados
- C) O pobo de Galicia
- D) Polo Ministerio de Xustiza

**10. Qué porcentaxe se reservará en cada convocatoria de provisión de prazas para o SERGAS, para persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 33%?**

- A) 5%
- B) 20%
- C) 40%
- D) 100%

Preguntas de reserva

**1. En materia de saúde. É competencia das Comunidades Autónomas?**

- A) As asumidas nos seus Estatutos.
- B) A sanidade exterior.
- C) Os acordos sanitarios internacionais.
- D) Riscos para a saúde derivados da importación de mercadorías.

**2. Segundo a Constitución. O dereito á protección da saúde é?**

- A) Un dereito fundamental.
- B) Un dereito.
- C) Unha obriga.
- D) Un principio reitor.